



BASES REGULADORAS QUE REXERÁN AS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2021/2022.

Primeira: Obxecto e finalidade da convocatoria

As presentes bases teñen por obxecto a regulación, tomando como marco legal a Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño que se rexe ao mesmo tempo pola Lei xeral de subvencións 38/2003 do 17 de novembro e Bases de execución do orzamento do Concello do Carballiño, para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para adquisición de libros de texto e material escolar, destinadas ás familias con menor poder adquisitivo do Concello do Carballiño que teñan nenos e nenas ao seu cargo escolarizados en centros públicos ou concertados do Concello do Carballiño

Segunda: Beneficiarios/as

As familias con menor poder adquisitivo do Concello do Carballiño e nas que:

a.- tódolos membros da unidade de convivencia estean empadroados no Concello do Carballiño con **seis meses de antigüidade, como mínimo.**

b.- os/as solicitantes estean matriculados en **educación infantil (3, 4 e 5 anos)** nun centro educativo do Concello do Carballiño. No caso de cambiarse a un centro educativo doutro concello (despois de solicitar a axuda), non terá dereito a percibila .

c.- non superen os 6 000 € de renda *per cápita* anual (6 000 euros por membro da unidade familiar). Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2020, sumaranse a base imponible xeral e a base imponible do aforro e dividirase entre os membros da unidade de convivencia. De non se presentar a declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Para efectos destas bases considérase que forman a unidade de convivencia: os cónxuxes, parellas de feito, os/as fillos/as maiores e menores de idade e os ascendentes de cónxuxes e titores legais que convivan no mesmo domicilio.

Nos casos de separación ou divorcio considerarase o pai ou a nai que teña a custodia dos/das menores por sentenza xudicial. No caso de custodia compartida considerarase a ambos proxenitores.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda *per cápita* familiar.

Terceira: Crédito

1. O importe total asignado no orzamento municipal que se destina é de **5 000 euros**, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 326.00/48001 consignada no orzamento municipal do 2021.

2. As axudas serán incompatibles con calquera outra axuda que puidera percibirse coa mesma finalidade doutras administracións públicas ou privadas

3. A contía máxima das axudas será de **100 €**

Cuarta: Obrigas dos/as beneficiarios/as

Os/As beneficiarios/as das axudas quedarán obrigados a:

1. Destinar os fondos percibidos para o que foron concedidos.

2. Comunicar a obtención doutras axudas solicitadas ou concedidas tanto públicas como privadas para o mesmo fin.

3. Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos.





Quinta: Gastos obxecto da subvención:

Gastos subvencionables

- libros de texto/fichas do curso correspondente
- material escolar (pinturas, ceras, lapis, gomas...ou calquera outro material didáctico necesario para o alumnado)

Gastos non subvencionables

- calquera outro distinto dos citados no punto anterior.

Sexta: Presentación de solicitudes, prazo e documentación

1 As familias que desexen acollerse a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude no modelo normalizado (que se lle facilitará no propio concello) no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no BOP, trala comunicación efectuada para o efecto pola BDNS, no rexistro municipal do Concello do Carballiño ou de calquera outro xeito dos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

2.As solicitudes estarán debidamente cubertas e asinadas e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- certificado do centro educativo no que se indique o curso no que está matriculado o/a alumno/a.
- certificado de empadramento colectivo da unidade familiar
- fotocopia do DNI (en vigor de 14 anos en diante) de tódolos membros da unidade de convivencia e do libro de familia (ou, documento que o substitúa)
- declaración doutras axudas para o mesmo fin doutras administracións públicas ou privadas.
- fotocopia da declaración da renda (do ano 2020) de todas as persoas que integran a unidade familiar de convivencia.
- declaración xurada de estar ao corrente coa facenda estatal, autonómica e coa seguridade social. Comprobarase de oficio o estar ao corrente coa facenda local (xa aparece no impreso de solicitude).
- declaración xurada de non estar incurso nas prohibición do art. 13 da Lei 13/2008, de 17 de novembro, xeral de subvencións (xa aparece no impreso de solicitude).

No caso de non estar obrigado a presentar a declaración da renda deberá presentar o certificado de facenda de non estar obrigado, e achegar a seguinte documentación (por cada un dos membros da unidade familiar maior de 16 anos):

- certificado de empresa (bruto) nas que traballou no exercicio 2020 ou outros documentos que acrediten os ingresos obtidos nese ano.
- certificado do SEPE do cobro ou non de prestacións durante o exercicio 2020
- prestación por fillo/a a cargo
- RISGA
- discapacidade
- certificado de acollemento familiar remunerado
- sentenza de separación ou demanda xudicial no caso de separación ou divorcio (no caso de non percibir pensión alimenticia ou compensatoria, presentarse fotocopia de denuncia de incumprimento de sentenza...)
- declaración xurada de que non ten ingresos





Sétima: Procedemento de concesión

1. O procedemento de concesión das axudas será o de concorrencia competitiva.
2. A instrución do procedemento correspóndelle aos servizos administrativos da Área de Educación.
3. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano de instrución comprobará a corrección da documentación administrativa achegada. Examinada a documentación, o órgano instrutor concederalle ao interesado un prazo da ata dez días para a emenda das deficiencias detectadas, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, trala resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para a achega de documentación poderase utilizar como oficio de remisión o modelo que se facilitará no concello.
4. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, procederase conforme ás seguintes regras:
 - a. Para as solicitudes nas que non se achegase de modo completo e no prazo establecido, a documentación requirida, formularase proposta de non admisión a trámite.
 - b. O resto das solicitudes proporanse para admisión a trámite, pasando á Comisión de Valoración para que formule a proposta de valoración segundo os criterios recollidos no punto nove

Oitava: Comisión de Valoración

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- o A concelleira delegada da Área de Educación
- o O coordinador da Área de Deportes
- o A traballadora social coordinadora da Área de Servizos Sociais

Actuará de secretario/a persoal da Área de Educación.

Novena: Criterios de valoración

Para a concesión da axuda e a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios:

- o Atenderase á menor renda *per cápita* ata esgotar o orzamento asinado. De haber crédito suficiente poderase conceder máis dunha axuda por familia, de ser solicitada. Non se poderá exceder o límite orzamentario.
- b) No caso de coincidiren os ingresos de varias familias e non haber crédito suficiente teranse en conta outros criterios:
 - ➔ minusvalía2 puntos
 - ➔ familia numerosa.....1 punto

No caso de persistir o empate, terase en conta o número de rexistro de entrada da solicitude.

Décima: Resolución

1. A proposta de resolución, elaborada polo órgano instrutor, seralle comunicada aos/ás interesados/as mediante notificación co fin de que poidan formular as alegacións que estimen oportunas no prazo de dez días, e que serán resoltas pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta poderase considerar definitiva (art. 24.4 da Lei xeral de subvencións)
2. Examinadas, se é o caso as alegacións, a Comisión de Valoración emitirá un informe/ditame, e á vista deste, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva, onde deberán expresarse a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da axuda e a contía





3. O órgano competente, neste caso a xunta de goberno á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento. A resolución, ademais do solicitante ou relación de solicitantes aos que se lles concede a axuda, fará constar, se é o caso e de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes. En todo caso expresárase o/a beneficiario/a e o importe da subvención outorgada e demais referencias relevantes.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a propia xunta de goberno no prazo dun mes ou directamente ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa, recurso contencioso administrativo no prazo de tres meses dende a notificación desta.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses nos termos establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e nos artigos 62 e 63 do seu regulamento e en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro de 2021.

O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior. O vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución, lexitima aos/ás interesados/as para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da axuda.

A subvención considerarase tacitamente aceptada de non presentar a renuncia expresa dentro do prazo dos dez días seguintes a notificación de resolución de concesión da mesma.

Undécima: Xustificación e pagamento da subvención

1. Os/As beneficiarios/as das axudas presentarán, inescusablemente no rexistro municipal e ata o 30 de outubro de 2021, a xustificación que comprenderá a seguinte documentación:

- ➔ factura orixinal ou copia cotexada do gasto realizado que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención. A factura debe estar selada e asinada pola librería ou local comercial que corresponda.
- ➔ declaración formal, asinada polo representante de tódalas axudas, solicitadas e concedidas para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou privadas.
- ➔ declaración xurada de estar ao corrente coa facenda estatal, autonómica e coa seguridade social.

Comprobarase de oficio o estar ao corrente coa facenda local.

2. O órgano competente para a comprobación da xustificación da subvención será o órgano instrutor, e materializarase na emisión dun informe que acredita a adecuación da xustificación.

3. De haber deficiencias emendables na xustificación, concederase un prazo de 10 días hábiles para a súa emenda conforme ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións pública e procedemento administrativo común.

4. No caso de que o beneficiario/a non dispoña de recursos económicos suficientes para realizar os pagamentos necesarios antes do vencemento do prazo de xustificación, non será preciso acreditar a realización do pagamento sempre que se presente declaración xurada para tal efecto.

Non obstante, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención municipal poderá realizar procedemento de control financeiro, consistentes en esixir, a partir dun mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga do reintegro por parte do/a beneficiario/a.





5. No suposto en que só se xustifique unha parte do solicitado, a subvención reducirase proporcionalmente

Duodécima: Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións ateranse ao disposto no Capítulo IX da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño (BOP nº 49, de 2 de marzo de 2005).

Disposicións finais

Primeira.- En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación á presente convocatoria e ás axudas que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia de procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público.

Segunda.- A presente convocatoria publicarase no BOP para os efectos de cumprimento do requisito de publicidade.

